

BORRADOR DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 10 DE OUTUBRO DE 2014.

ASISTENTES:

Presidente:

D.^a. Ana Ledo Fernandez

Concelleiros:

- D. José Angel Rey Seoane
- D.^a. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D.^a. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 14:00 horas do día dez de outubro de dous mil catorce, xuniase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia da alcaldesa D.^a Ana Ledo Fernandez.

Non asisten nin xustifican a súa ausencia os concelleiros D. José Ignacio Portos Vázquez e D. Gonzalo Concheiro Coello e xustifica a súa ausencia D. Antonio Costoya Duro.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido a alcaldesa abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- PROPOSTA TOMA DE COÑECEMENTO RENUNCIA DO CONCELEIRO D. JOSÉ IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ

Pola Secretaría dáse lectura íntegra á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se transcribe literalmente:

<<PROPOSTA TOMA DE COÑECEMENTO RENUNCIA DO CONCELEIRO D. JOSÉ IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ

Visto o escrito presentado por D. José Ignacio Portos Vázquez, con rexistro de entrada número 2137 en data 01/10/2014, concelleiro que resultou elixido pola lista política do PSdG-PSOE, no que manifesta a súa vontade de renunciar a tal condición de membro desta Corporación, polos motivos que constan en dito escrito.

CONSIDERANDO o disposto no art. 9.4 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais e nos arts. 15.2, 19.1.1) e 182 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeral e normas concordantes, especialmente na Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003, sobre substitución de cargos representativos locais.

Propoño que o Pleno municipal **ACORDE:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de Concelleiro deste Concello a D. José Ignacio Portos Vázquez.

SEGUNDO.- Declarar a vacante dun posto de Concelleiro pertencente ao grupo político PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA – PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL (PSdG-PSOE).

TERCEIRO.- Remitir certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central aos efectos da expedición de credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato que corresponda, facendo constar que, a xuízo da Corporación, a teor da certificación expedida pola Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela con data 19 de abril de 2011 (publicada no BOP nº 76 de data 20 de abril de 2011), corresponde cubrir a vacante a Dna. Silvia Mosteiro Monterroso.

Boimorto, 6 de outubro de 2014
A Alcaldesa

Asdo.- Ana Ledo Fernández>>>

Sen máis intervencións, con 7 votos a favor por unanimidade ; catro dos concelleiros do grupo municipal do PSdG - PSOE, dous dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de Concelleiro deste Concello a D. José Ignacio Portos Vázquez.

SEGUNDO.- Declarar a vacante dun posto de Concelleiro pertencente ao grupo político PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA – PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL (PSdG-PSOE).

TERCEIRO.- Remitir certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central aos efectos da expedición de credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato que corresponda, facendo constar que, a xuízo da Corporación, a teor da certificación expedida pola Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela con data 19 de abril de 2011 (publicada no BOP nº 76 de data 20 de abril de 2011), corresponde cubrir a vacante a Dna. Silvia Mosteiro Monterroso.

2.- PROPOSTA APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2013

Pola Secretaría dáse lectura íntegra á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se transcribe literalmente:

PROPOSTA APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2013

Visto que na Comisión Informativa Permanente Especial de Contas de data 30/05/2014, en cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, procedeuse pola Comisión

Permanente Especial de Contas ó exame da Conta Xeral do Orzamento da anualidade 2013 para o que tivo á vista dita Conta cos documentos correspondentes.

Examinados ditos documentos e resultando que confrontada a referida Conta Xeral co Orzamento, cos acordos de modificación do Estado de Gastos a liquidación do orzamento, mandamentos de pago e ingreso, acta de arqueo ó final do exercicio, a Comisión estimou que quedou debidamente xustificada dita Conta.

Entendemento procedente a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2013, non obstante, o cal previa exposición ó público, o Pleno do Concello co seu superior criterio acordará o que estime conveniente.

Exposta ó público a referida Conta Xeral municipal correspondente ó exercicio 2013 durante quince días e oito máis, non constando, reclamacións nen observación presentadas por interesados, solicito que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2013 do Concello de Boimorto.

SEGUNDO.- Render a Conta Xeral do exercicio 2013 ante o Tribunal de Contas

En Boimorto o 6 de outubro 2014

A Alcaldesa:

Asdo.- Ana Ledo Fernández>>>

Sen máis intervencións, con 7 votos a favor por unanimidade; catro dos concelleiros do grupo municipal do PSdG - PSOE, dous dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2013 do Concello de Boimorto.

SEGUNDO.- Render a Conta Xeral do exercicio 2013 ante o Tribunal de Contas.

3.- PROPOSICIÓN RECTIFICACIÓN EXPEDIENTE MC 16/2014 SUBEXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2014

Neste punto da orde do día incorpórase o concelleiro Jesús Modia Serén, do grupo municipal do PP.

Pola Secretaría dáse lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se transcribe literalmente:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA PLENO OUTUBRO 2014.

Solicítase o tratamento no pleno deste punto da orde do día sen ditaminar, partindo da necesidade de tramitación deste expediente en atención á prioridade das necesidades municipais e eficacia e eficiencia na aplicación dos fondos públicos. **POR UNANIMIDADE, CON 8 VOTOS A FAVOR**, catro dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, tres dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto, o Pleno aceptou o tratamento deste punto sen ditaminar por comisión informativa.

Visto o expediente de suplemento de crédito 2.2014, ante a necesidade de rectificar dito expediente que afecta as partidas creadas en xeración de crédito nº 7.2014 para a adquisición de caldeiras de biomasa subvencionadas por Agader, partiuse por outorgamento de subvención para dotación deste suplemento de contías de proxecto total pensando que se subvencionaba o IVE cando non é así, polo que a subvención total tan só alcanza o 50% do orzamento total, sendo a aportación municipal maior, o que leva a esta Alcaldía a propoñer ó pleno municipal unha rectificación do expediente de suplemento de crédito 2/2014, aprobado polo pleno municipal en sesión de setembro de 2014, optando por executar tan só os proxectos de caldeira de biomasa subvencionados que presentan máis interese pola antigüedade das instalacións actuais e que son a do Concello e a do Centro de maiores, mantendo a aportación

municipal do IVE á maquinaria subvencionada pola Xunta para as cuadrillas brigadas contra incendios para poder pagar o IVE non subvencionado con cargo a fondos desta Corporación por importe de 2.152,50€

Considerando estes gastos específicos determinados non demorables ó próximo exercicio, xa que, afectarían a xustificación das subvencións e, considerando a posibilidade de dar de baixa créditos previstos na partida de inversión 241.62200 para adquisición da Cámara Agraria, esperando unha valoración económica de dito ben inmoble para a súa compra, inferior ao proposto por parte do departamento correspondente da Xunta de Galicia que valorou dita Cámara agraria por encima da previsión municipal, non supoñendo a baixa desta partida perturbación a ningún servizo municipal en funcionamento.

Visto informe de secretaría intervención a esta modificación de data 6/10/2014.

Vista a normativa legal que permite a modificación dos presupostos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de Execución do Presuposto do exercicio 2014.

Á vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón que a Comisión informativa permanente especial de contas ditamine favorablemente o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar a rectificación, modificación vía suplemento de crédito 2/2014 financiado con baixa por anulación na partida de inversións 241.62200, por importe de 16.645,70 e baixa por anulación na partida 920.63500, por importe de 977,79€, aumentando os créditos de ditas partidas tal e como segue:

Partida 334.623 aumento de 4.664,67€

Partida 920.623 aumento de 10.806,32€

Partida 172.633 aumento de 2.152,50€

TOTAL do suplemento = 17.623,49€

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores xa que perderíamos a subvención.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2014, crédito para estes gastos no capítulo 6 por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose aos preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e ao artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública e tramitar tamén a modificación do anexo de inversións.

Boimorto 6 de outubro de 2014

A Alcaldesa :

Fernández>>

A Alcaldía dálle a palabra á concelleira do grupo municipal do PP, D^a M^a Jesús Novo, que explica que neste punto vaise apoiar esta rectificación a pesar da abstención no pleno anterior pero que quere ter información sobre o aforro que veña desta inversión.

Sen máis intervencións, con 8 votos a favor, catro dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, tres dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a rectificación, modificación vía suplemento de crédito 2/2014 financiado con baixa por anulación na partida de inversións 241.62200 por importe de 16.645,70 e baixa por anulación na partida 920.63500 por importe de 977,79€, aumentando os créditos de ditas partidas tal e como segue :

Partida 334.623 aumento de 4.664,67€

Partida 920.623 aumento de 10.806,32€

Partida 172.633 aumento de 2.152,50€

TOTAL do suplemento = 17.623,49€

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores xa que perderíamos a subvención.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2014, crédito para estes gastos no capítulo 6, por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

Cuarto. - Tramitar o expediente axustándose aos preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública e tramitar tamén a modificación do anexo de inversións.

**4.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE MC 22/2014
SUBEXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 8/2014**

Pola Secretaría dáse lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se transcribe literalmente :

**<<PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA PLENO EXTRAORDINARIO DE
OUTUBRO DE 2014**

Solicito a aprobación do tratamento deste punto da orde do día sen ditaminar por razóns urxentes de entrada en vigor deste expediente e execución de obras antes de finalización da anualidade vixente.“ **POR UNANIMIDADE CON 8 VOTOS A FAVOR, catro dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, tres dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno aceptou o tratamento deste punto sen ditaminar por comisión informativa.**

Vista a necesidade de crear partidas no anexo de inversións para poder executar estas obras:

Reparación depuradoras Igrexa e a Gándara 28.433,78 € (partida 161.63900)

Melloras alumeadado público 19.459,22€ (partida 165.63900)

Melloras recollida pluviais en núcleos Casal, Curras, Cabana Bertomil Fontao e Vilar 36.313,48€ (partida 151.62900)

Zona Cuberta para refuxio de peregrinos en Sendelle 17.299€ (partida 432.62700)

Mobiliario urbano 10.000€ (partida 151.63500)

Vista a normativa legal que permite a modificación dos presupostos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de Execución do orzamento municipal do exercicio 2014.

Visto o expediente para a modificación a realizar no Orzamento do exercicio 2014 á vista dos antecedentes contidos no mesmo, sería un crédito extraordinario financiado con Remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio anterior 2013 .

Visto informe de secretaría intervención a esta modificación de data 06/10/2014 e as advertencias nel contidas .

Vista a normativa legal que permite a modificación dos presupostos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de Execución do Presuposto do exercicio 2014.

Á vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón que a comisión informativa permanente especial de contas ditamine favorablemente para que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar a modificación, vía crédito extraordinario financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais, tal e como segue :

Reparación depuradoras Igrexa e a Gándara 28.433,78 € (partida 161.63900)

Melloras alumeadado público 19.459,22€ (partida 165.63900)

Melloras recollida pluviais en núcleos Casal, Curras, Cabana Bertomil Fontao e Vilar 36.313,48€ (partida 151.62900)

Zona Cuberta para refuxio de peregrinos en Sendelle 17.299€ (partida 432.62700)

Mobiliario urbano 10.000€ (partida 151.63500)

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinando que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores .

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2014, crédito para estes gastos no capítulo 6, por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

Cuarto. - Tramitar o expediente axústandose aos preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública, tramitando o mesmo tempo a modificación do anexo de inversións.

Boimorto 06 de outubro de 2014

A Alcaldesa :

Asdo.-Ana Ledo Fernández >>

A alcaldesa explicou unha a unha as inversións propostas xustificando a necesidade de melloras de depuradoras para cumprimento de normativa de vertidos e respostando ao concelleiro do grupo municipal mixto sobre onde se producen os vertidos destas depuradoras a amañar. En relación co estado do alumeadado público explica a necesidade urxente desta actuación, existindo cadros sen tapa, necesidade de cableado novo, etc... Explica as melloras en núcleos no sistema de saneamento para evitar a entrada de auga nos domicilios e tamén o dano nas vías (intervén o concelleiro do grupo municipal mixto D. Xosé Luís Rivas que sinala que é necesario mellorar a que vai dende cruce de Abuis co Casal, na pista en dirección á Ponte de Brates baixando no marxe dereito), continúa a Alcaldesa explicando a necesidade en Sendelle de retirar o palco vello e facer unha infraestrutura que atenda ás necesidades dos peregrinos e tamén a necesidade de mobiliario urbano, destacando as papeleiras e bancos, dí o concelleiro do grupo mixto que as papeleiras son moi necesarias, sobre todo pola circulación de peregrinos.

Sen máis intervencións, por unanimidade, con 8 votos a favor; catro dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, tres dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación vía crédito extraordinario, financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais tal e como segue :

Reparación depuradoras Igrexa e a Gándara 28.433,78 € (partida 161.63900)

Melloras alumeadado público 19.459,22€ (partida 165.63900)

Melloras recollida pluviais en nucleos Casal, Curras, Cabana Bertomil Fontao e Vilar 36.313,48€ (partida 151.62900)

Zona Cuberta para refuxio de peregrinos en Sendelle 17.299€ (partida 432.62700)

Mobiliario urbano 10.000€ (partida 151.63500)

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2014, crédito para estes gastos no capítulo 6, por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

Cuarto . - Tramitar o expediente axustándose aos preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública tramitando ao mesmo tempo a modificación do anexo de inversións.

5.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN INICIAL MC 23/2014 SUBEXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO

Pola Secretaría dáse lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se transcribe literalmente:

PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA PLENO EXTRAORDINARIO DE OUTUBRO DE 2014.

Solicito a aprobación do tratamento deste punto da orde do día sen ditaminar polo Pleno sendo necesaria a execución destas inversións. POR UNANIMIDADE, CON 8 VOTOS A FAVOR, catro dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, tres dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno aceptou o tratamento deste punto sen ditaminar por comisión informativa

Visto o expediente para modificación a realizar no Orzamento do exercicio 2014, á vista dos antecedentes contidos no mesmo, sería un suplemento de crédito financiado con Remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio anterior 2013, tal e como segue: **+62.016,36€ polos seguintes importes ás partidas que se indican:**

51.590,01€ Pista Páddel e equipamento vestiarios, partida 34062700

10.426,35€ Calefacción e pintado Pai, partida 330.63700

Visto informe de secretaría intervención a esta modificación de data 06/10/2014 e as advertencias nel contidas.

Vista a normativa legal que permite a modificación dos presupostos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90 de 20 de abril e nas Bases de Execución do presuposto do exercicio 2014.

A vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar a modificación, vía suplemento de crédito financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais da liquidación do exercicio 2013, tal e como segue: **+62.016,36€ polos seguintes importes ás partidas que se indican:**

51.590,01€ Pista Páddel e equipamento vestiarios, partida 34062700

10.426,35€ Calefacción e pintado Pai, partida 330.63700

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinado e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores .

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2014 crédito para estes gastos no capítulo 6, por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose aos preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública de quince días hábiles dende a publicación no BOP, tramitando ao mesmo tempo a modificación do anexo de inversións do orzamento de 2014.

Boimorto 6 de outubro de 2014
A Alcaldesa :

Asdo.- Ana Ledo Fernández >>

Pola Alcaldía expónse que se deron moitas voltas antes de acordar este suplemento que consultou a técnicos deportivos e a poboación en relación co interese desta inversión nunha nova pista deportiva, e tendo en conta que, aínda que pouco, foi obtida unha subvención para esta inversión por Deputación e decidiuse a elevar este expediente ó pleno.

Sobre a obra do PAI - calefacción di que o proxecto era máis ambicioso, amparando unha ampliación mais non se ten certeza da demanda do servizo nun futuro, por iso limítase ao gasto ou gastos necesarios de pintado e radiadores (xa hai unha caldeira de pellets).

O concelleiro do grupo mixto di que non está de acordo coa inversión para a pista de pádel que e un gasto superfluo.

Polo que o Pleno municipal por maioría, con 7 votos a favor, catro dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, tres dos concelleiros do grupo municipal do PP e un voto en contra do concelleiro do grupo mixto, en relación co suplemento para pista de pádel; e con 8 votos a favor por unanimidade, catro dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, tres dos concelleiros do grupo municipal do PP e un voto a favor do concelleiro do grupo mixto en relación co suplemento para a obra do PAI **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación vía suplemento de crédito financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais da liquidación do exercicio 2013 tal e como segue:
+62.016,36€ polos seguintes importes ás partidas que se indican:

51.590,01€ Pista Pádel e equipamento vestiarios, partida 34062700

10.426,35€ Calefacción e pintado Pai, partida 330.63700

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores .

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2014 crédito para estes gastos no capítulo 6, por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

Cuarto. - Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública de quince días hábiles dende a publicación no BOP, tramitando ao mesmo tempo a modificación do anexo de inversións do orzamento de 2014.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 14:33 minutos do expresado día. Autorízase a presente actar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- Ana Ledo Fernandez